



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pídre, José
 Corbacho Rosas, Eusebio
 Corbacho Suso, Patricia
 De Oca Cancela, Guillermo
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Gago Rodríguez, Alberto
 García Vázquez, José Manuel
 González Novas, Roberto
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Surís Regueiro, Juan
 Tojo Suárez, José E.
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Vázquez, Amador
 Vidal Gallego, M^a Teresa Del Rosario
 Viso Alonso, Augusto

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de dez de novembro de dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O luns, día 10 de novembro de 2003, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 8 de outubro 2003.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta do cambio de nome da Facultade de Humanidades de Ourense.
4. Asuntos económicos.
5. Modificación puntual das Normativas de Libre Elección e de Optativas.
6. Constitución da Comisión de Política Lingüística.
7. Debate e toma de acordo, se procede, sobre a proposta de denominación dos viales e prazas do campus Lagoas-Marcosende.
8. Aprobación, se procede, do convenio marco de colaboración entre o Instituto Superior da Maia e a Universidade de Vigo .
9. Elección de representantes no Consello Social: 1 estudante
10. Rogos e preguntas

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 8 de outubro 2003.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O Reitor informa do seguinte:

- da publicación no DOG do día 21 de outubro do Decreto polo que se crean as Facultades de Ciencias do Mar e de Química e se autoriza o cambio de nome da Facultade de Ciencias por Facultade de Bioloxía.

- do cese de Don Miguel Ángel Nombela Castaño como Decano en funcións da Facultade de Ciencias e do nomeamento de Don Jorge Domínguez Martín, Don Miguel A Nombela

Castaño e Don Eduardo Freijanes Rivas como Decanos Comisarios das Facultades de Bioloxía, Ciencias do Mar e Química respectivamente.

- do cambio de nome das áreas seguintes:

- Área de Innovación e Calidade pasa a ser Área de Calidade

- ATIC pasa a ser Área de Innovación

- Área de Innovación Académica pasa a ser Área de Posgrao Virtual

- do cese de Don Martín Llamas Nistal como Director da ATIC e do nomeamento de Don Ángel Sánchez Bermúdez como Director da Área de Innovación .

- da posible aprobación dos Estatutos polo Consello de Goberno da Xunta do día 13 de novembro polo que a finais de novembro espera estean publicados no DOG.

- da sinatura, o mes pasado, dun protocolo de intencións sobre uso de espazos docentes coa Consellería de Educación, a Deputación e o Concello de Ourense.

- da sinatura, o día seguinte, dun convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para a construción da Biblioteca do Campus de Ourense.

- da concesión dalgúns proxectos dos que se presentaran a convocatoria de Parques Científicos por un total de 1.740.500 euros.

- da publicación dos Decretos de Grao e Posgrao probablemente antes do Nadal.

- da segunda convocatoria de ANECA de axudas para deseño de plans de estudio.

- dunha iniciativa semellante da axencia para a calidade galega (de aproximadamente 150.000 euros) para as titulacións de Filoloxía, Dereito, Bioloxía e Enfermería.

- da información da Consellería de Educación sobre os complementos do profesorado que será de 1000 euros para os funcionarios docentes mais 900 euros para os que sexan doutores e que se cobrarán cos efectos do primeiro de xullo de 2003.

- Este complemento estenderase á nova categoría de profesores contratados doutores.

Así mesmo contéplanse outros complementos que serán en función dos méritos docentes, investigadores e de xestión pero que aínda están por determinar.

- da existencia dun documento de anteproxecto de lei xeral do Sistema Universitario de Galicia.

- da inauguración do edificio do Rectorado I, ás 13:30 horas, acto ao que está convidado o conselleiro de Educación e o Alcalde. Traslada a invitación a tódolos membros do Consello de Goberno.

Punto 3. Aprobación, se procede, da proposta do cambio de nome da Facultade de Humanidades de Ourense.

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado informa dos antecedentes da Facultade de Humanidades de Ourense e de que recibiu unha proposta da Xunta de Facultade de cambio de nome polo de Facultade de Xeografía e Historia. Dita proposta foi analizada pola COAP que considerou, como norma xeral, que a denominación dun centro non debería conter o nome dunha titulación que non se imparte no mesmo. Esta consideración foi transmitida á Decana e a Xunta de Facultade aceptou, por maioría, a proposta do nome de Facultade de Historia

Intervén a profesora Susana Reboreda, Decana da Facultade de Humanidades, para explicar os motivos que os levaron a facer esta proposta, entre os que destaca: a confusión sobre a imaxe que a Facultade ten cara o exterior e o intento de conseguir unha proxección social mais ampla.

Apróbase por asentimento o cambio de nome de Facultade de Humanidades polo de Facultade de Historia.

Punto 4. Asuntos económicos.

O Vicerreitor de Planificación informa dos importes para incorporar remanentes de libre disposición especificando os capítulos e conceptos contables a que corresponde e que ascenden a un total de 2.299.195,73 euros. Fai mención específica ás aplicacións de remanentes mais importantes que en tódolos casos son débedas pendentes de pago por parte da universidade (facturas de Fenosa, Comunicacions e transporte), así como de dúas transferencias de crédito de 356.04 , 434.83 que corresponden ás partidas de representantes de alumnos da ETS de Telecomunicación e Informática de Ourense respectivamente e unha terceira de 20.000 euros para atender a última parte da financiación das Prácticas de Campo.

A Sra. Corbacho pregunta si a factura total de telefonía vai por servicios centralizados o si cada centro de gasto paga a súa.

O Vicerreitor de Innovación e Calidade di que a partida está centralizada pero a cada centro de gasto se lle asigna un crédito facendo despois un cargo interno.

O profesor Tojo pregunta pola partida 202 do Capítulo II sobre arrendamentos de edificios.

Responde o Vicerreitor de Planificación para explicar que ten relación co arrendamento do Aulario que inclúe o uso exclusivo de tres módulos e o uso discrecional de 4 salas por parte da comunidade universitaria.

O profesor Tojo pregunta se isto indica que a universidade necesita esas aulas para actividade docente e investigadora.

O Vicerreitor di que está pensado para reunións de asociacións, reunións de grupos, conferencias, etc...

Intervén o profesor Corbacho para preguntar si se sabe cal é o custo dunha aula cada vez que se utiliza. O Vicerreitor responde que aínda non ten datos pero que é un custo simbólico.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Modificación puntual das Normativas de Libre Elección e de Optativas.

Retírase este punto para estudialo con máis detalle e traelo ao próximo Consello de Goberno.

Punto 6. Constitución da Comisión de Política Lingüística.

O Vicerreitor de Relacións Institucionais fai unha proposta para a Comisión de Política Lingüística.

- Don Francisco Xavier Martínez Cobas, Vicerreitor de Relacións Institucionais (Presidente)
- Don Anselmo Seoane Pampín, Director da ORI.
- Don Anxo Lorenzo Suárez, Director da Área de Normalización Lingüística.

Sector PDI:

- Don Aquilino Alonso Núñez
- Don Manuel González Piñeiro (pendente de confirmación)
- Don Javier Pérez Guerra
- Dona Ana Sinde Cantorna

Sector Estudiantes:

- Don Daniel Castañal García
- Dona Patricia Corbacho Suso
- Dona Tatiana Pequeño González
- Don Roberto Rodríguez González

Sector PAS:

- Don Benedicto Expósito González
- Don Pablo Cadral Pereira

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Debate e toma de acordo, se procede, sobre a proposta de denominación dos viales e prazas do campus Lagoas-Marcosende.

O vicerreitor de Planificación informa que despois de enviar a proposta aos membros do consello de Goberno, lembráronlle que había un acordo do Consello de Goberno do 23 de outubro de 2002 sobre a conservación da toponimia autóctona local, polo que propón revisar se a Circunvalación Norte e Sur, a rúa Descartes e a rúa Sócrates teñen topónimos e, en caso positivo, incorporalos.

Así mesmo propón substituír a praza Severo Ochoa por Marie Curie xa que o primeiro xa aparece no rúeiro de Vigo e engadir a rúa interior que rodea os Pavillóns da Facultade de Filoloxía e Tradución e finaliza en circunvalación sur, e para a que hai unha proposta de nomeala como rúa María Moliner.

Ábrese un debate sobre este punto no que interveñen, entre outros, a Sra. Corbacho e os profesores Membiela, Cid Fernández e Luís Domínguez. Estas intervencións pódense resumir nas seguintes solicitudes:

- máis nomes femininos
- algúns nomes de galegos ilustres
- algún nome relacionado co ámbito xurídico-social.

Finalmente o Reitor propón que se aprrobe a proposta coas modificacións sinaladas deixando pendente o vial que figuraba co nome de Julio Verne e a rúa interior engadida e para a que hai a proposta de rúa María Moliner. Así mesmo quedan pendentes os que se vai revisar se teñen topónimo.

Apróbase por asentimento (ver anexo I).

Antes de pasar ó punto seguinte o Vicerreitor pide traer suxerencias para o próximo Consello de Goberno para nomear as 4 aulas de Cidade Universitaria e para as que propón darlles nomes de científicos relevantes.

Punto 8. Aprobación, se procede, do convenio marco de colaboración entre o Instituto Superior da Maia e a Universidade de Vigo .

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Elección de representantes no Consello Social: 1 estudante

Non hai candidaturas presentadas polo que se pospón para o próximo Consello de Goberno.

Punto 10. Rogos e preguntas

A Sra. Corbacho informa que nas Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Ciencias Económicas e Empresariais comeza o día seguinte unha campaña de Nadal para a recollida de alimentos non perecedeiros, xoguetes e roupa e roga se participe na mesma.

O profesor Legido presenta o rogo do Departamento de Física Aplicada para que se revisen as normas de seguridade e para buscar unha solución para subsanar os desperfectos en algúns equipos de prácticas de laboratorio que tiveron lugar o día que os alumnos da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación celebraron o seu patrón.

O Reitor propón solicitar dos Centros que fagan propostas para que nunca máis se volvan a repetir estes feitos e lamenta profundamente o sucedido.

O profesor Luís Domínguez indica que lle parece intolerable que os alumnos da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación entraran de forma violenta nunha aula. Di que o resto dos centros celebran as súas festas sen molestar aos demais, pero que os alumnos de Telecomunicación cando están de festa molestan a todos os demais, polo que considera que isto

hai que correxilo.

O Reitor di que hai que ver donde están as responsabilidades e intentar resolvelo.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 11,55 horas do día 10 de novembro de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Rector

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe